

Salvador Del Riego

(Arturo Lezcano Fernández - 1 – 12 - 2010)

Francisco Fernández del Riego–Salvador Lorenzana, o home nova que devolveu o brillo ás estrelas da nosa Galaxia, agachadas naquela noite pecha moito máis longa do que o poeta chorara.

Aos 21 anos, no 1934, o xefe das Mocidades Galeguistas recibiu unha carta de Vicente Risco na que este lle confiaba: “...Escribe o que queiras, mais pensa ben que non me considero obrigado a responder a ninguén de nada, nen a dar explicacións de nada a ninguén. Douchas a ti, cantas queiras, privadamente, porque me peta. Mais non públicamente nen por outra obriga que a da amizade... “. A carta escribiuna o mestre cando, desde Ourense, tentou artellar unha dereita galeguista oposta ao compromiso do PG co Frente Popular. A maioría dos persoeiros do partido lapidaron daquela ao autor da *Teoría do nacionalismo galego* e o caluniaron: “Predicou aos Reis Católicos nos cárceres”, segundo o novo druida do interior. A verdade é que Risco visitou na cadea a varios amigos, malia o perigo certo de ser botado tamén a calquera cela do terror. Dúas veces foi expedientado e mesmo tivo que se ocultar, nos primeiros días, no Castro de Caldelas e Allariz.

Fernández del Riego, como o amigo incondicional de toda a vida, Otero Pedrayo, foi o único galeguista salientábel que lle permaneceu leal e que máis tarde desde a Editorial Galaxia, o rescatou para a lingua galega coa publicación de *Lerías*.

Este xeito de render homenaxe a don Paco é o que me cómpre como vicepresidente da Fundación Vicente Risco, cuxo presidente de honra era por decisión do noso primeiro presidente, Antón Risco, logo confirmado pola súa irmá Chus Risco, a nosa actual presidenta.

Todo o que nós podemos engadir á chea de merecidas loubanzas co gallo do pasamento de Francisco Fernández del Riego sería redundante. Tempo haberá de afondar no seu papel sobranceiro non só na cultura senón na magoante historia de Galicia. Salvador Lorenzana foi sen dúbida o crítico literario de máis alento de cantos ten habido, e non só, naturalmente, polo que se refire á lingua galega.

Persoalmente temos moi vivas as lembranzas dos encontros coel, desde os suplementos culturais da prensa, ata a coincidencia nalgún xuri e, por suposto, no arranque da Fundación Vicente Risco, con sede precisamente na rúa alaricana de San Lorenzo. Os nosos puntos de vista andan por aí nalgún libro colectivo a el adicado.

Don Paco, fume por min un deses seus puros que ha estar, de seguro, degustando cos seus sentidos de *gourmet* en corpo e alma.



FUNDACIÓN
VICENTE RISCO